

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 30 DE XUÑO DE 2015.

Casa do Concello Ponteareas 30 de xuño de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, e coa asistencia da secretaria dona Pilar Fernández Alonso, están reunidos os señores concelleiros dona M^a Jesús Garrote Represas, dona M^a Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, don Francisco Floreal Alonso Pedreira, dona Verónica Carrera Blanco, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Benito Márquez Castro, don Salvador González Solla, dona M^a Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, dona M^a Soledad Valado Pérez, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Jesus Manuel Cao Vila, don Juan Carlos González Carrera, dona María José González Aparicio, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Lino Antonio Costas Vila, e dona Raquel Bautista Alfaya (que se incorpora no punto 2º).

Non asiste don Domingo Freitas Dalmeida.

Sendo as 9,03 horas polo Sr. Alcalde dase por iniciada a sesión, e de conformidade coa orde do día trátanse os seguintes asuntos:

1º) Aprobación se procede da acta da sesión constitutiva da Corporación Municipal levada a cabo o día 13 de xuño de 2015. -

Informados da acta da sesión celebrada o 13 de xuño de 2015, é aprobada por unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

2º. -Toma de posesión de dona Raquel Bautista Alfaya, como concelleira do Grupo ACIP-

Comprobada a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona de Ponteareas a favor de dona Raquel Bautista Alfaya, por Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACIP), así como que a interesada formulou as declaracións de bens e de actividades correspondentes.

O SR. ALCALDE: “¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ponteareas, con lealtade ao Rei, e respetar e facer respetar a Constitución como norma fundamental do Estado? “

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, sí, xuro.

O SR. ALCALDE, pode ocupar o escano.

A Sra. Bautista Alfaya toma posesión do seu cargo.

3º. - Dar conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía en materia de:

O Pleno da Corporación municipal queda enterado das seguintes resolucións das que se da conta pola Alcaldía:

a) . - Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

Tralas eleccións municipais celebradas o pasado 24 de maio de 2. 015 e constituída a Corporación Municipal en sesión extraordinaria de data 13 de xuño de 2. 015.

De conformidade co disposto nos artigos 20. 1. b) e 23. 1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril; e, 35. 2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

1º. -Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

*Dª Mª Jesús Garrote Represas.
Dª Mª Cristina Fernández Davila.
Dª Hortensia Bautista Fernández
Dª Vanesa Fernández Soage.
D. Benito Marquez Castro.
D. Manuel Norberto Troncoso Rodriguez.*

Na sua consecuencia a Xunta de Goberno Local queda formada polo Alcalde-Presidente don Xosé Represas Giráldez e polos concelleiros mais arriba reflectidos.

2º. -Corresponderá á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a presidencia da Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue esta Alcaldía ou outro Órgano municipal ou expresamente lle atribúan as leis.

3º. -Notificar a presente resolución ás persoas designadas co fin de que presten no seu caso aceptación de tales cargos.

4º. -Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos tamén no taboleiro municipal.

5º. -Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

6º. -Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día de hoxe.

Mándao e asina o Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez en Ponteareas a 15 de xuño de 2. 015.”

b) . - Nomeamento do 1ª Tenente de Alcalde.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTOS DE TENENCIAS DA ALCALDÍA

Tralas eleccións municipais celebradas o pasado 24 de maio e constituída a Corporación en sesión extraordinaria de data 13 de xuño de 2. 015.

De conformidade co disposto nos artigos 21. 2 e 23. 3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local , de 2 de abril; e art. 22 do R. D. Legislativo 781/1986, de 18 de abril e artigo 46 do RD 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

1º. - Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros:

-1º Tenente de Alcalde , dona María Jesús Garrote Represas.

-2º Tenente de Alcalde dona M^a Cristina Fernández Davila.

-3º Tenente de Alcalde dona Vanesa Fernández Soage.

-4º Tenente de Alcalde don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez. .

2º. - Corresponderá aos nomeados substituír a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións nos supostos legalmente previstos.

3º. - Notificar a presente resolución á persoa designada co fin de que preste no seu caso aceptación de tal cargo.

4º. - Remitir anuncio do referido nomeamento para a súa inserción no Boletín Oficial de Provincia e publicalos tamén no taboleiro municipal.

5º. - Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

6º. - O nomeamento efectuado será efectivos dende o día de hoxe.

Mándao e asina o Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas a 15 de xuño de 2. 015.”

c) . - Delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local e asignación de Concellerías delegadas.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade coas facultades que me confire a vixente Lei de Bases de Réxime Local 7/85,de 2 de abril, e demais disposicións concordantes de aplicación,

RESOLVO:

1º.- DELEGAR na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

-O outorgamento de licenzas e autorizacións de competencia da Alcaldía (agás as licenzas de enterramento, de matrimonio ou relativas á tenza de animais cuxo outorgamento queda de competencia do Alcalde).

-A resolución de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade en materia urbanística.

- Contratacións e concesións de competencia da alcaldía, incluída a aprobación dos correspondentes proxectos e certificacións, agás no caso de contratos menores en que as atribucións quedan de competencia da alcaldía.
- Adquisición de bens e dereitos e enaxenación de patrimonio de competencia da Alcaldía.
- A aprobación da OEP e distribución de retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- Contratación de persoal
- Tramitación e resolución de expedientes sancionadores en xeral, excepto en materia de tráfico.
- Concesión de subvencións e aprobación de convocatorias e bases correspondentes, así como concesión de axudas de emerxencia social.
- Las aprobaciones de los instrumentos de planeamiento de desarrollo del planeamiento general no expresamente atribuídas al Pleno, así como la de los instrumentos de gestión urbanística y de los proxectos de urbanización.

En todo caso teñen carácter indelegable as seguintes:

- Convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.
- Decidir os empates co voto de calidade.
- A concertación de operacións de crédito.
- A xefatura superior de todo o persoal.
- A separación do servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral.
- As anunciadas nos apartados seguintes do artigo 21.1 LRBRL.
 - a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
 - e) Ditar Bandos
 - k) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias da súa competencia, incluso cando as houberse delegado en outro órgano, e, en caso de urxencia, en materias de competencia do Pleno, neste suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.
 - l) A iniciativa para propor ao Pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da Alcaldía.
 - m) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunio público ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas, dando conta inmediata ao Pleno.

2º.- *DELEGAR xenéricamente, conforme ao artigo 43.3 do ROF, as seguintes áreas:*

- *Seguridade cidadán e mobilidade e Sanidade e promoción da saúde, á concelleira D^a VANESA FERNÁNDEZ SOAGE.*
- *Ensino e Participación cidadá e Réxime interior á concelleira D^a MARIA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA.*

3º.- *DELEGAR especialmente, conforme ao artigo 43.4 e 43.5 b) do ROF, RD 2568/1986, de 28 de novembro, a dirección interna e a xestión dos seguintes servizos, que non incluírá a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:*

- Urbanismo, Vías e obras e Iluminación pública á concelleira D^a MARIA JESÚS GARROTE REPRESAS.

- Comercio, hostelería e consumo, ao concelleiro D. MARIO LAGO MORIÑA.

- Deportes, Transparencia e novas tecnoloxías e Xestión e protección urbanística do Patrimonio Histórico, ao concelleiro D. BENITO MÁRQUEZ CASTRO.

- Facenda e Persoal, ao concelleiro D. FRANCISCO FLOREAL ALONSO PEDREIRA.

- Cultura e lecer, Normalización lingüística e Turismo, á concelleira D^a HORTENSIA BAUTISTA FERNÁNDEZ.

- Benestar Social (Residencia da 3^a Idade, Escola Infantil Municipal, Asprodisco e Ludoteca), Igualdade (Drogodependencia) e Mocidade, á concelleira D^a VERONICA CARRERA BLANCO.

- Servizos Sociais (Axudas de emerxencia social e Axuda no fogar) e Medio Rural (Agricultura, Gandería e Montes) ao concelleiro D. MANUEL NORBERTO TRONCOSO RODRÍGUEZ.

4º.- A dirección e a xestión das áreas de Medio Ambiente (incluíndo servizos de auga e saneamento, xestión RSU e parques e xardíns) e de Emprego, Desenvolvemento Económico e CDL, quedan de competencia do Alcalde.

5º.- A Alcaldía poderá avocar para si as competencias delegadas nesta Resolución nos casos previstos no artigo 14 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o que se fará constar na correspondente Resolución motivando as causas polas que se produce a avocación nese concreto acto.

6º.-Dese conta ao Pleno da presente Resolución na primeira sesión que se celebre e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios, sen perxuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas a 16 de xuño de 2.015.”

d) . -Delimitación e delegación de atribucións para a tramitación e resolución de procedementos sancionadores por infracción de normas de circulación e tráfico.

“DECRETO DO ALCALDE RELATIVO Á DELIMITACIÓN E DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN PARA A TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE CIRCULACIÓN E TRÁFICO.

De conformidade coas atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, e tendo en conta que no procedemento sancionador por infracción de normas de circulación e tráfico debe establecerse a debida separación entre a fase instrutora e sancionadora, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. A instrución dos procedementos sancionadores por infracción ás normas de circulación e tráfico corresponderalle ó oficial da policía local de Ponteareas.

Segundo. A imposición de sancións, previa a tramitación do procedemento regulamentario, queda delegada na Concelleira de Seguridade cidadán e mobilidade, Dna. Vanesa Fernández Soage, dacordo coa resolución de delegación de competencias de data 16/06/2015.

Terceiro. A notificación ós interesados das resolucións sancionadoras por infracción de normas de circulación e tráfico, así como das resolucións dos recursos interpostos en dito ámbito, así como das denuncias non efectuadas polos denunciante, efectuarase polo oficial da Policía local de Ponteareas.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas a 16 de xuño de 2015.”

4º. - Dar conta da comunicación dos Grupos Políticos que se constitúen coa nova Corporación Municipal.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado da consitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, dacordo cos escritos presentados e nos termos que a continuación se relacionan:

- Do Partido Popular, escrito con rexistro de data 19 de xuño de 2015, comunicando que os concelleiros don Salvador González Solla, dona María Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, dona María Soledad Valado Pérez, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Domingo Freitas Dalmeida e don Jesús Manuel Cao Vila, se integran no Grupo político PARTIDO POPULAR (P.P), e nomean como voceiro de dito Grupo municipal a don Salvador González Solla como titular e como suplente a dona M^a Belén Villar González.

-Do Bloque Nacionalista Galego (BNG) , escrito con rexistro do 19 de xuño de 2015, comunicando que os concelleiros D. Xosé Represas Giráldez, D^a M^a Cristina Fernández Davila, D^a Hortensia Bautista Fernández, D. Francisco Floreal Alonso Pedreira e dona Verónica Carrera Blanco constitúen o GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), e designan como voceiro de dito Grupo municipal a D^a Hortensia Bautista Fernández e como voceiros suplentes a dona M^a Cristina Fernández Davila, D^a Verónica Carrera Blanco, don Francisco Floreal Alonso Pedreira e don Xosé Represas Giráldez.

-Do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, escrito con rexistro do 17 de xuño de 2015 , comunicando que os concelleiros dona M^a Jesus Garrote Represas, dona Vanesa Fernández Soage, don Benito Marquez Castro e don Mario Lago Moriña, constitúen o Grupo Político (GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA) e designan como voceiro de dito Grupo municipal a D^a M^a Jesús Garrote Represas, e como adxuntos/suplentes da postavocía a dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña e don Benito Marquez Castro.

-De ALTERNATIVA CIUDADANA DE PONTEAREAS, ACIP, escrito con rexistro do 19 de xuño de 2015, comunicando que os concelleiros don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya e dona M^a José González Aparicio se integran no Grupo Político municipal ALTERNATIVA CIUDADANA DE PONTEAREAS (ACIP), e designan como voceiro de dito Grupo municipal a don Juan Carlos González Carrera, e como suplente a dona Raquel Bautista Alfaya.

-Do GRUPO MIXTO (GM), escrito con rexistro do 19 de xuño de 2015, comunicando que os concelleiros don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez e don Lino Antonio Costas Vila, se integran no GRUPO MUNICIPAL MIXTO (EU-SON, A RIADA), e designan como voceiro de dito Grupo Político a don Lino Antonio Costas Vila e como suplente a don Manuel Norberto Troncoso Rodriguez.

5º- Proposta do Grupo de Goberno de representantes da Corporación en Órganos colexiados:

- a) . - **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**
- b) . - **Consellos Escolares de tódolos IES, colexios públicos e concertados.**
- c) . - **Consello Escolar Municipal**
- d) . - **Mesa Local de Comercio.**

Vista a proposta da Alcaldía de representantes da Corporación en Órganos Colexiados, do 26 de xuño de 2015, da que se da lectura polo Sr. Alcalde.

Non se producen intervencións.

VOTACIÓN:

14 votos a favor (5 BNG, 4 GMS, 3 ACIP, e 2 do GMixto)

6 abstencións do PP.

Queda aprobada.

Conforme ó resultado da votación o Pleno da Corporación acorda o nomeamento dos seguintes representantes da Corporación en Órganos Colexiados:

-Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Dona VERÓNICA CARRERA BLANCO como titular, e o Alcalde D. XOSÉ REPRESAS GIRÁLDEZ como suplente.

-Consellos Escolares de tódolos IES, colexios públicos e concertados.

A concelleira delegada de Ensino DONA MARIA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA como titular, e o Alcalde D. XOSÉ REPRESAS GIRÁLDEZ como suplente.

-Consello Escolar Municipal

A Concelleira Delegada de Ensino DONA MARIA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA como titular, e o Sr. Alcalde como suplente, matizando que o Alcalde tamén poderá asistir sen voto cando non actúe como titular.

-Mesa Local de Comercio.

Designar como representante do concello na Mesa local de Comercio ao Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, como Presidente, e ao concelleiro de Comercio don Mario Lago Moriña.

-Respecto dos dous representantes restantes da Administración Local, que polos Grupos do PP e ACIP se designen as persoas correspondentes, do que se dará conta ao Pleno Municipal.

6º. -Proposta do réxime das sesións ordinarias da Corporación Municipal: periodicidade e hora.

O SR. ALCALDE, na proposta da alcaldía anterior se propuña como horario as 19,00 horas, pero despois da Xunta de Portavoces decidiuse que fose ás 20,00 horas, por problemas para asistir dalgún concelleiro, e cambiouse a proposta.

VOTACIÓN Á PROPOSTA DA ALCALDIA do 29/06/2015: 20 votos a favor, que constitúen a unanimidade a favor dos membros presentes.

Queda aprobada.

En consecuencia a corporación municipal acorda:

- Que as sesións ordinarias da Corporación Municipal se celebren o terceiro martes de cada mes ás 20,00 horas.

-Ratificación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local sinalada na Resolución de Alcaldía de data 17 de xuño de 2015

Polo Sr. Alcalde se da lectura á resolución do 17/06/2015, do seguinte literal:

“RESOLUCION

De conformidade coas atribucións que me confire a vixente Lei de Bases de Réxime Local 7/85 do 2 de abril, e disposicións concordantes de aplicación

RESOLVO:

- Que as sesións ordinarias da XUNTA DE GOBERNO LOCAL se celebren os luns ás 8,45 horas.”

O pleno da Corporación Municipal queda enterado.

7º. -Proposta de suspensión dos Plenos ordinarios correspondentes aos meses de agosto (de toda a lexislatura) .

O Sr. Alcalde da lectura á proposta da Alcaldía do 26 de xuño de 2015, do teor: “.../... Proposta da Alcaldía ao Pleno da Corporación Municipal da suspensión do Pleno ordinario da Corporación municipal correspondente ós meses de agosto de toda a lexislatura.

A Alcaldía, como ben sendo habitual en lexislaturas anteriores e, por mor das vacacións do verán, ven en propoñer ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Suspender as sesións ordinarias correspondentes aos meses de agosto de toda a lexistatura”.

VOTACIÓN: 20 votos a favor, que constitúen a unanimidade a favor dos membros presentes.

Queda aprobada.

En consecuencia o Pleno acorda:

-Suspender as sesións ordinarias correspondentes aos meses de agosto de toda a lexistatura.

8º. - Proposta de creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.
O SR. ALCALDE, da lectura á proposta do 26-6-15, do teor:

“Proposta de creación e composición das Comisións Informativas Permanentes

A Alcaldía, ven en propoñer ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

*Crear as **COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES** que se indican de seguido:*

*-Comisión informativa de **RÉXIME INTERIOR** (tráfico, seguridade cidadá, protección civil, bombeiros, persoal, honras e distincións, patrimonio, participación cidadá, transparencia e réxime organización e funcionamento) .*

*-Comisión informativa **ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA.***

*-Comisión informativa de **CULTURA, TURISMO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ENSINO, DEPORTE, E MOCIDADE.***

*- Comisión informativa de **BENESTAR SOCIAL, SAÚDE E CONSUMO.***

*-Comisión informativa de **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, EMPREGO, COMERCIO E NOVAS TECNOLOXÍAS.***

*-Comisión informativa de **VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS, URBANISMO, VIVENDA, MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL.***

O numero de membros de cada Comisión Informativa será de 7 incluído o Alcalde, que é o presidente nato en todas elas, sen perxuízo da delegación que poida facer en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Para gardar a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos da Corporación, o número de membros que en cada Comisión corresponden a cada Grupo Político será o seguinte:

PP: 2 membros

BNG: 2 membros

PSOE: 1 membro

ACIP: 1 membro

GRUPO MIXTO: 1 membro

A adscrición concreta a Cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma (titular e suplente) , realizarase por escrito como portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno.

O réxime de funcionamento será o regulado nos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, o non previsto rexirase polo disposto para o funcionamento do Pleno”.

O SR. ALCALDE, existe consenso por todos os grupos segundo o manifestado na xunta de portavoces.

VOTACIÓN Á PROPOSTA DA ALCALDIA de data 26/06/2015: 20 votos a favor (que constitúen a unanimidade a favor dos membros presentes) .
Queda aprobada.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

- Crear as **COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES** que se indican de seguido:

-Comisión informativa de **RÉXIME INTERIOR** (tráfico, seguridade cidadá, protección civil, bombeiros, persoal, honras e distincións, patrimonio, participación cidadá, transparencia e réxime organización e funcionamento) .

-Comisión informativa **ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA.**

-Comisión informativa de **CULTURA, TURISMO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ENSINO, DEPORTE, E MOCIDADE.**

- Comisión informativa de **BENESTAR SOCIAL, SAÚDE E CONSUMO.**

-Comisión informativa de **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, EMPREGO, COMERCIO E NOVAS TECNOLOXÍAS.**

-Comisión informativa de **VIAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS, URBANISMO, VIVENDA, MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL.**

- O numero de membros de cada Comisión Informativa será de 7 incluído o Alcalde, que é o presidente nato en todas elas, sen perxuízo da delegación que poida facer en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

- Para gardar a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos da Corporación, o número de membros que en cada Comisión corresponden a cada Grupo Político será o seguinte:

PP: 2 membros

BNG: 2 membros

PSOE: 1 membro

ACIP: 1 membro

GRUPO MIXTO: 1 membro

- A adscrición concreta a Cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma (titular e suplente) , realizarase por escrito como portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno.

- O réxime de funcionamento será o regulado nos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, o non previsto rexirase polo disposto para o funcionamento do Pleno.

9º. -Proposta de adicacións, asignacións aos concelleiros por asistencia e asignación ós grupos políticos.

O SR. ALCALDE, aclarar que despois da reunión da Xunta de portavoces hai algunha modificación con respecto á proposta inicial.

A proposta da Alcaldía do 29 de xuño de 2015 que se trae ao Pleno recolle:

“Trala reunión da Xunta de Portavoces celebrada o 29 de xuño de 2015, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación Municipal:

-Proposta da Alcadia ao Pleno da Corporación Municipal.

ESTA ALCALDÍA VEN EN PROPOÑER AS SEGUINTES ADICACIONES, ASIGNACIÓN AOS CONCELLEIROS POR ASISTENCIAS E ASIGNACIONES ÓS GRUPOS POLÍTICOS:

- ASIGNACIONES POR ASISTENCIA A PLENO, XUNTAS DE GOBERNO LOCAL E COMISIONES INFORMATIVAS:

Por asistencia a Pleno: 105 euros.

Por asistencia a Xuntas de Goberno: 66 euros.

Por asistencia a Comisión Informativa: 44 euros.

- ADICACIONES EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

GOBERNO:

**Os concelleiros do goberno, en número non superior a 2 que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución de 25.200 euros brutos ao ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación exclusiva.*

** Os concelleiros do goberno, en número non superior a 4 que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución de 15.750 euros brutos ao ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación parcial.*

OPOSICIÓN:

**Con indepenza do sinalado nos parágrafos anteriores, os grupos da oposición do PP e ACIP, terán dereito ao nomeamento dun concelleiro dese grupo en réxime de adicación parcial, percibindo unha retribución de 15.750 euros brutos ao ano en 12 pagas, aínda que non ostenten delegacións, por desenvolver responsabilidades que así o requiran.*

**O Grupo MIXTO, como grupo da oposición non ostentará ningunha adicación, sen perxuízo da adicación que poida corresponder aos concelleiros do goberno.*

Quedan sen efecto os anteriores acordos plenarios de determinación de adicacións.

- ASIGNACIONES A CADA GRUPO POLÍTICO, ao abeiro do artigo 73 da Lei 7/85, as seguintes cantidades:

**Unha cantidade fixa de 200 euros mes.*

**Unha cantidade mensual en función dos membros de cada grupo político, resultante de asignar a cantidade de 50 euros por concelleiro ao mes.*

O Pleno comprométese a consignar nos seus orzamentos cantidade suficiente para atender as obrigas económicas derivadas do presente acordo.

Os efectos, entre outros, de cotización na seguridade social, que as adicacións exclusivas figuren como dedicación de 8 horas de luns a venres, e as dedicacións parciais figuren como adicación de media xornada, de 4 horas de luns a venres”.

O SR. ALCALDE, igual que nos mandatos dos últimos anos recóllense adicacións á oposición. Algunhas das cuestións propostas foron consensuadas.

A situación no último mandato, supuxo que as remuneracións totais da corporación durante os últimos catro anos (2011-2015) fose segundo informe de intervención de 857.591,82 euros.

A estimación que se fai para os vindeiros 4 anos é de 703.380 euros, se ben pode variar porque se trata dunha estimación. O aforro é de 154.212 euros, e sen computar o aforro na seguridade social.

O Grupo Mixto (GM) está composto por 2 forzas, dividiremos o seu tempo de intervención entre os dous membros do GM.

Pido axustar intervencións.

O SR. COSTAS VILA, onte rexistramos 2 emendas de substitucións, do seguinte literal:

“ADICACIONES EXCLUSIVAS E PARCIAIS

*- EMENDA DE SUBSTITUCIÓN
GOBERNO*

Os concelleiros e concelleiras do goberno, nun número non superior a 4, que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución por un máximo de 15.700 € brutos ó ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación parcial. A percepción desta remuneración estará condicionada á adicación efectiva a asuntos municipais e tendo en conta o tempo empregado en calquera outra actividade remunerada. Deste xeito, retribuirase ó concelleiro ou concelleira en función inversa do número de horas que empregue noutra actividade remunerada, quedando establecido así:

<i>Tempo de adicación a outra actividade</i>	<i>Retribución por adicación parcial no Concello</i>
--	--

<i>Xornada de 4h. diarias</i>	15.700 €
<i>Xornada de 5h. diarias</i>	11.775 €
<i>Xornada de 6h. diarias</i>	7.850 €
<i>Xornada de 7h. diarias</i>	3.925 €
<i>Xornada de 8h. Diarias</i>	0 €

Á concelleira ou concelleiro que se atope en situación de desemprego e non estea a cobrar prestación, retribuiráselle a totalidade do importe da adicación parcial.

- EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

OPOSICIÓN

Os concelleiros e concelleiras da oposición, non percibirán retribucións por adicación parcial”.

Entendemos debe estar enfocado a liberar tempo a concelleiros/as para realizar tarefas do goberno. Que dispoñan de tempo e non teñan que empregalo noutras actividades externas. Non creemos que o obxectivo sexa a remuneración do traballo político.

As dedicacións da oposición, para facer tarefas de oposición non creemos que se teña que cobrar ningunha dedicación, as dedicacións son para responsabilidades do goberno.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, non intervirei.

O SR. ALCALDE, que o Sr. Costas aclare en emendas de substitución se se refire a un total de 4 dedicacións para o goberno ou se refire só ás parciais.

O SR. COSTAS VILA, é só para as parciais. Nas exclusivas xa non se adican a outra cousa, a lexislación non o permite.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, todo o que sexa positivo e de interese xeral, como dixemos, apoiaremos ao goberno.

Hai que por en práctica sempre medidas equitativas coa lexislatura anterior.

Non se pode estar xogando cunhas medidas uns anos e despois facer uns plantexamentos totalmente contrarios.

O aforro proposto polo goberno, decir que non nos vale. Nos últimos 4 anos xurdiron circunstancias, no 2011 aprobáronse unhas retribucións que despois se baixaron. Non se poden sumar os 4 anos, porque en novembro de 2012 fíxose unha redución dos salarios. Que se collan ben os cálculos.

O goberno ten que facer o plantexamento das retribucións da Corporación, pero non se pode xogar cos números.

No goberno anterior había 2 totais, 2 parciais e o Alcalde. E agora plantéxanse 4 parciais e 2 totais.

Non pode saír na prensa decindo que ía renunciar ao soldo do Alcalde, porque non tiña ningunha retribución.

Vostede non trae ao pleno retribucións para o Alcalde porque non a necesita e ten outros ingresos ou retribucións. Pero o que fai é cederlle 2 retribucións parciais a membros do goberno.

Os presupostos son anuais, e neles verase a redución real. Non chegamos nin aos 100.000 euros, pero vostede saíu na prensa decindo que se ían dar para emprego.

Estamos nun plan de axuste, non imos apoiar ningunha proposta que supere o coste actual.

Non estamos dacordo coa proposta do Sr. Costas, durante máis de 12 anos de Corporación Municipal os membros da oposición teñen unha retribución. Noutros concellos non, pero noutros concellos os portavoces teñen unha retribución e os grupos teñen unha retribución maior.

Entendemos que iso non pode variarse.

Sr. Costas, entón sexa coherente e diga que non é coherente que haxa 2 adicacións máis parciais no goberno.

Agradecemos a intención do goberno de adaptar as propostas. Pedimos que se retirara o de que o Alcalde non terá dedicación, e se retirou.

E pedimos unha emenda en grupos da oposición, pensamos que a oposición ten que sinalarse en xeral e non especificar os grupos de PP, ACIP ou GM.

Do GM, 1 deles está no goberno, pero como grupo da oposición, se despóis o Sr. Costas non quere a adicación que faga un escrito rexeitándoa.

Cada grupo da oposición debe ter dereito a unha adicación parcial, sen distinguir.

Por outro lado, un concelleiro se ten ganas de traballar será todo o día, non 4 ou 8 horas como se pon, que non estou dacordo con iso.

O SR. ALCALDE, hai as emendas propostas polo Sr. Costas e a exposta oralmente por ACIP.

Entendo oportuno facer un receso despois para consensuar.

Dáselle agora o turno ao PP.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, o concello hai tempo ven tendo unha difícil situación económica. Presentamos unha emenda de substitución, do seguinte literal:

“EMENDA DE SUBSTITUCIÓN Ó PUNTO 9, DA ORDE DO DÍA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 30/6/2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Pontareas atravesa dende fai tempo unha difícil situación financeira, caracterizada por unha importante débeda sen cobertura presupostaria que o peche do ano 2012 era de 3 millóns de euros e no fin da lexislatura pasada (12/xuño/2015) ascendía a 1, 5 millóns de euros, sendo a súa redución en ano e medio do 50%, e

quedando o importe restante pendente de darlle cobertura presupostaria, que segundo o Plan de Saneamento debe facerse entre o que queda do ano 2015 e todo o ano 2016.

Un Concello cuio Remanente de Tesourería é negativo, a aínda que se logrou reducir na lexislatura pasada en 8, 5 millóns de euros, todavía na actualidade ascende a -5, 5 millóns de euros. O cal ven a indicar a situación da débeda e da falta de liquidez do Concello de Pontearreas.

Tendo en conta que este Concello ten un Plan de Axuste aprobado polo Pleno municipal en data 25/sep/2013 e informado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas o 31/out/2013, e un Plan de Saneamento Económico-Financeiro para os anos 2014-2016 aprobado polo Pleno municipal en data 30/dec/2013, plans nos que están incluídas medidas en accións municipais para lograr o obxectivo de correxir os desequilibrios estruturais e cumprir os principios de estabilidade presupostaria, sostenibilidade financeira, transparencia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos.

É incomprendible que dende o Goberno BNG-PSOE-ART se estén a plantexar maiores custos para o noso Concello coas Adicacións e Asistencias que propoñen. Subindo de 4 adicacións a 6 adicacións paa o Goberno, o que supón solo en adicación un custo para os 4 anos de 453. 600 euros fronte ós 484. 400 euros do goberno anterior, polo tanto NON SE AFORRAN os 200. 000 euros dos que tanto pregoaron os membros do Goberno, e máis concretamente o Sr. Represas. Tan só se aforran 7. 700 euros ó ano. E iso sen ter en conta que o Sr. Alcalde, ó non ter adicación, cobrará por asistir a Plenos, Comisións Informativas e Comisións de Goberno, que tamén incrementan un 17% os seus importes, e polo cal o Sr. Represas cobrará preto de 20. 000 euros ó ano.

Por outra banda, este grupo municipal tampouco entende cómo se pode plantexar unha subida nas asignacións ós Grupos Políticos que supera as existentes nun 43%, e que eleva esta partida en máis de 36. 000 euros para a lexislatura.

A este grupo municipal do Partido Popular, parecelle redículo o espectáculo feito polos membros do Goberno nestes pasados días anunciando un aforro inexistente, a maiores de que consideremos inviable para este Concello que se gaste máis diñeiro nas remuneracións da Corporación que o gastado no último ano 2014, que ascendeu a 218. 555 euros o ano, fronte os 225. 000 euros o ano que pretenden agora.

Por todo o anterior, o grupo municipal do Partido Popular PROPÓN O PLENO a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN ó punto 9 sobre a Proposta de adicacións, asignacións ós Concelleiros por asistencia e asignacións ós Grupos Políticos.

ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS A PLENO, XUNTAS DE GOBERNO LOCAL E COMISIÓNS INFORMATIVAS:

-Por asistencia a Pleno: 90 euros.

. Por asistencia a Xuntas de Goberno: 56, 25 euros.

-Por asistencia a Comisións Informativas: 37, 50 euros.

ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1 Os concelleiros do Goberno, en número non superior a 2 que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución de 25.200 euros brutos ó ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación exclusiva.

2. Os concelleiros do Goberno, en número non superior a 2 que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución de 15.750 euros brutos ó ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación parcial.

3. Con independencia do sinalado nos parágrafos anteriores, os grupos da oposición, PP e ACIP, terán dereito ó nomeamento dun concelleiro dese grupo en réxime de adicación parcial, percibindo unha retribución de 15.750 euros brutos o ano en 12 pagas, aínda que non ostenten delegacións, por desenvolver responsabilidades que así o requiran.

4. O Grupo Misto, como grupo da oposición non obstará ningunha adicación, sen prexuízo da adicación que poida corresponder ós concelleiros do goberno.

Os concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnización algunha por asistencia a calquera órgano do Concello de Pontearreas.

ASIGNACIÓNS A CADA GRUPO POLÍTICO, ó abeiro do artigo 73 da Lei 7/85 as seguintes cantidades:

-Unha cantidade fixa de 140 euros/mes.

-Unha cantidade mensual en función dos membros de cada grupo político, resultante de asignar a cantidade de 35 euros por concelleiro ó mes.

O Pleno comprométese a consignar nos seus orzamentos cantidade suficiente para atender as obrigas económicas derivadas do presente acordo.

Ós efectos, entre outros, de cotización na seguridade social, que as adicacións exclusivas figuren como dedicación de 8 horas de luns a venres, e as dedicacións parciais figuren como dedicación de media xornada, de 4 horas, de luns a venres". -

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, os números do BNG refírense a toda a lexislatura anterior, pero na lexislatura anterior se reduciron as retribucións.

Anunciou a bombo e platillo que ía renunciar á retribución do Alcalde, non era tanto o aforro. Aclare se o Sr. Represas vai cobrar ou non asistencias aos órganos colexiados, porque é membro nato, e por cálculos de asistencias, so con ese cálculo supera os 17.000 euros, nos cremos que será superior a 20.000 € Así que o aforro non é tal.

Sería bo que o presidente aclarara esta cuestión.

Na lexislatura pasada reduciron ao goberno as adicacións a catro.

No Pleno de organización do 2011, sobre as adicacións que propuñamos de 5, o Sr. Represas decía que eran excesivas sobre todo tendo en conta que estaba privatizada a xestión de diferentes servizos. ¿E que é o que cambiou agora?, ¿acaso van a

municipalizar todos eses servizos?, ou é que queren cobrar máis ou que como no goberno son tres forzas políticas necesitan mais dedicacións.

Na acta do pleno de xullo 2012 manifestaban que as 5 dedicacións supoñan un coste considerable. Non entendemos por qué agora presentan 6 dedicacións.

Presentamos a emenda de substitución e plantexamos que todo quede igual que como vostedes o plantexaron no 2012, porque as concellerías son as mesmas e o traballo do goberno é o mesmo. E non o xustifique coa súa retribución, se vostede renuncia é voluntariamente.

Éticamente se vostede está en proceso de prexubilación e cobrou uns incentivos, entendemos que se pudiera cobrar adicación como Alcalde, non sería éticamente xustificable co que dixo.

Ao mellor o que interesa e non cobrar adicación e cobrar as asistencias, que supoñen sobre o 30% de retribucións do Alcalde .

Nos gustaría engadir que os concelleiros con adicacións non perciben asignacións por asistencias.

A emenda do Sr. Costas estaríamos dacordo co plantexamento no 1º punto se se referise ao total de adicacións, e tamén no 2º se o goberno quedara con 3 adicacións nos renunciaríamos a adicación da oposición.

A adicación a oposición sempre se defendeu como necesaria, estaríamos dacordo se se retribuíse aos grupos dunha forma adecuada.

Non estamos de acordo con que as adicacións parciais sexan 4.

Se vostedes GMixto (EU- SON, A RIADA) levan adiante esta proposta, tamén serán complicés desta proposta e entenderase polos cidadáns que todos están de acordo.

Os veciños entenderon de vostede, Sr. Represas, que non ía cobrar nada, tampouco por asistencias.

Non entendemos o incremento nas comisións informativas nun 20%. Tampouco vemos xustifico ese incremento. As subvención aos grupos, tampouco vemos xustifico un incremento do 43%, polo que plantexamos a nosa proposta.

Entre adicacións, asistencias e subvencións aos grupos, levan un incremento de máis de 40.000 euros.

Eses 200.000 euros que decía que ía destinar a emprego, non sei de onde os vai sacar.

E calculan o mínimo de asistencias a pleno, xuntas de goberno e comisións, polo que sabemos que vai ser bastante máis.

Defendemos a nosa emenda.

De EU estamos parcialmente dacordo, no 1º punto do dacordo se son 2 parciais, e no 2º punto estamos dacordo se se reducen a 3 as adicacións do goberno.

O SR. ALCALDE, se fai un receso para consensuar.

Sendo as 10,05 horas polo Sr. Alcalde se suspende a sesión durante uns minutos para consensuar.

Sendo as 10,31 horas se reanuda a sesión coa asistencia dos mesmos 20 membros que estaban presentes cando se fixo o receso (5 BNG, 4 GMS, 6 PP, 3 ACIP, 2 GMixto (EU-SON, A RIADA)).

O SR. ALCALDE, despois do receso hai unha nova proposta rectificada tras o consenso acadado con parte da Corporación.

Se alguén quere pedir a palabra antes das votacións?

O SR. COSTAS VILA, aclarar que entendemos que a percepción de adicacións é para liberar tempo de traballo para adicarse a política, non é para retribuír o traballo político. Din que fai 12 anos que se dan adicacións á oposición, EU non estaba aquí, pois miren canto se habería aforrado.

Sr. Carrera, por cobrar 15.700 € ao ano, ¿por qué se fai mellor a labor de fiscalizar ao goberno?, explíquemo.

Mantemos as nosas emendas.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, hai unha cousa que non estou dacordo, calquer traballador na súa profesión ten un salario, entón se se reduce o seu salario entón tería que cobrar polas horas que fai aquí o mesmo que cobra na súa empresa.

Non é equitativo, non estamos dacordo.

É a primeira vez que se presenta unha moción para que a oposición non cobre, vostede hai moito que pertence a EU e nunca presentaron unha proposta nese sentido. E o concello traballa pola mañán, e non calquer persoa pode vir pola mañán. Sen esa retribución é imposible.

Dende 1999 os grupos da oposición se puxeron dacordo niso e dende aquela respetouse. Mire en Redondela as asignacións aos portavoces e aos grupos, que é maior.

Apoiaremos ao goberno porque aceptou as nosas 3 propostas de cambio. E apoiaremos porque non se incrementa o gasto.

A de substitución do PP imos absternos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, mantemos a nosa emenda de substitución, non estamos dacordo coa xustificación do goberno.

De 4 adicacións se pasa a 6, non nos vale que xustifiquen con que o alcalde non vai cobrar dedicación.

Vostedes decían que eran suficientes 4 adicacións no 2011, non é de recibo que se incrementen dúas adicacións.

Non dixo se ía cobrar as asistencias, porque iso supón sobre 20.000 euros.

Din que non hai cambios, se no 2012 había un contexto agora o contexto segue igual, plantexa 2 dedicacións máis, un 17% de subida en asistencias e un 43% de incremento en subvencións aos grupos.

Non nos dan eses cálculos que din vostedes, danos sobre 40.000 euros a máis. Co tempo o veremos.

Mantemos a nosa proposta.

A emenda de EU estamos dacordo co primeiro punto se en vez de 4 parciais se reducen a 2, e estaríamos de acordo co segundo punto se só houbera 2 exclusivas e 1 parcial no goberno (3 no goberno).

A proposta de que cobrara a oposición a propuxo o BNG no 99, e dende o 99 se respetou. Estaríamos dacordo en que se retirara, pero si todo o mundo fai un esforzo.

A SRA. GARROTE REPRESAS, o que vai no goberno resulta que agora non lle vale ao PP, a proposta de hai 2 anos do BNG antes non lle valía e agora sí. É unha cuestión económica, variaron as parciais pero non hai máis gasto económico. O obxectivo era o aforro económico, podemos dispor de máis parcialidades porque hai unha persoa que renunciou ao seu salario. O que busca o PP é a asfixia.

A SRA. BAUTISTA FERNÁNDEZ, o Sr. González Solla fixo unha demostración de demagogia á que estamos acostumados, os resultados das eleccións foron os que foron. Ía haber as mesmas parciais se gobernarán vostedes. Non hai ningunha suba, se aforra, son calculos da intervención municipal. Sabemos que hai 4 anos o seu soldo era considerable, hai 2 anos se lle reduciu. Nós plantexamos esta proposta en asistencias e asignacións aos grupos, que non supón practicamente nada, porque en 2 anos o concello deixará de estar intervido.

O SR. GONZALEZ SOLLA, nos sabemos onde estamos, fomos bastante correctos co goberno entrante. Eu cando me chame o Sr. Alcalde non teño problema en explicarlle o que sei polo ben do concello. Na acta do ano 2011 decían que 4 adicacións eran suficientes para gobernar o concello, dada a privatización dos servizos. A Sra. Bautista só di que non se gasta máis, non nos vale. E as subidas en asistencias e aos grupos non nos parecen de recibo polo menos ata o 2016. O PSOE decía que o salario do goberno debía revisarse cada ano en función da súa xestión. Agora din que é un acordo para 4 anos. Repartan como queiran, pero ata uns días as adicacións e asistencias eran suficientes, pero agora porque o goberno o conforman 3 forzas políticas cambia o asunto. E tampouco é correcto que o Sr. Represas non diga se vai cobrar as asistencias.

O SR. COSTAS VILA, no receso dixemos que como portavoz do grupo se quería tiña que renunciar a cobrar a adicación parcial como grupo da oposición. A redución do número das dedicacións parciais do goberno que propón o PP non estamos dacordo. Respecto da emenda do PP poderíamos estar dacordo coas asistencias, pero non coa redución aos grupos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, nós non decimos reducir en atribucións ao grupos, decimos manter o que hai.

O SR. ALCALDE, o que propomos é un acordo para 4 anos, a situación prevese que cambiará aos 2 anos, e nós non imos tocalo en 4 anos. E por iso nese sentido comparamos o que costou no goberno anterior e o que custará estes anos. Ao Sr. Solla lle preocupa o salario do Alcalde, non sei se o que lle preocupa é o salario que xa non cobra. Eu non percibirei ningún salario. Fan un cálculo de previsión por asistencias fora da realidade, os veciños comprobarán canto son esas asistencias, que o publicarei. Convido ao PP, que vai ter unha adicación parcial, a que os outros 6 concelleiros do PP non cobren por asistencias, entón me plantexaría renunciar as asistencias.

O que importa é canto costou a corporación anterior e canto vai costar a actual. Os datos veranse ano a ano.

O BNG e eu como Alcalde non acepto ningunha lección de ética do PP .

Eu renuncio a cobrar un salario como Alcalde como unha decisión persoal, non hai ningún impedimento legal que me permita cobralo, porque eu non cobro ningunha pensión nin salario.

VOTACIÓN Á EMENDA DE SUBSTITUCIÓN DO PP:

6 votos a favor do PP

3 abstencións de ACIP

11 votos en contra (5 BNG, 4 PSOE e 2 do GMixto) .

Queda rexeitada.

VOTACION AO 1º APARTADO DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN PRESENTADA POLO SR. COSTAS VILA:

1 voto a favor do GMixto (Sr. Costas).

12 votos en contra (5 BNG, 4 GMS e 3 ACIP)

7 abstencións (6 PP e 1 do GMixto (Sr. Troncoso)) .

Queda rexeitado

VOTACIÓN AO 2º APARTADO DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN PRESENTADA POLO SR. COSTAS VILA:

1 voto a favor do GMixto (Sr. Costas).

12 votos en contra (5 BNG, 4 GMS e 3 ACIP)

6 abstencións (6 PP) .

O Sr. Troncoso, do GMixto, non se pronuncia.

Queda rexeitado.

O SR. ALCALDE, vaise someter a votación a proposta da Alcaldía do 29/06/2015 coas rectificacións seguintes tralo consenso acadado no receso con parte da Corporación:

-- No apartado de ADICACIONES EXCLUSIVAS E PARCIAIS, no punto de OPOSICIÓN, a proposta quedaría do seguinte xeito:

“ Con indepenza do sinalado nos parágrafos anteriores, os grupos da oposición terán dereito ao nomeamento dun concelleiro dese grupo en réxime de adicación parcial, percibindo unha retribución de 15.750 euros brutos ao ano en 12 pagas, aínda que non ostenten delegacións, por desenvolver responsabilidades que así o requiran.”*

-- A continuación do parágrafo anterior se elimina o parágrafo da proposta da Alcaldía do 29/06/2015 que facía alusión ao GRUPO MIXTO, e a continuación se propón o seguinte parágrafo:

“Calquer concelleiro poderá perxibir adicacións das que correspondan ao goberno se éste llas asigna por participar no goberno.”

-- O resto da proposta da Alcaldía do 29/06/2015 mantense.

VOTACIÓN da proposta da Alcaldía coas rectificacións realizadas sinaladas pola Alcaldía:

13 votos a favor (5 BNG, 4 GMS, 3 ACIP e 1 de GMixto (Sr. Troncoso Rodríguez)).

7 votos en contra (6 PP e 1 de GMixto (Sr. Costas Vila)).

Queda aprobada.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda as seguintes adicacións, asignacións aos concelleiros por asistencias e asignacións ós grupos políticos:

- ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIA A PLENO, XUNTAS DE GOBERNO LOCAL E COMISIÓNS INFORMATIVAS:

Por asistencia a Pleno: 105 euros.

Por asistencia a Xuntas de Goberno: 66 euros.

Por asistencia a Comisión Informativa: 44 euros.

- ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

GOBERNO:

*Os concelleiros do goberno, en número non superior a 2 que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución de 25.200 euros brutos ao ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación exclusiva.

* Os concelleiros do goberno, en número non superior a 4 que ostenten delegacións xenéricas ou especiais, poderán percibir retribución de 15.750 euros brutos ao ano, a percibir en 12 pagas, polo exercicio dos seus cargos con adicación parcial.

OPOSICIÓN:

*Con indepenza do sinalado nos parágrafos anteriores, os grupos da oposición terán dereito ao nomeamento dun concelleiro dese grupo en réxime de adicación parcial, percibindo unha retribución de 15.750 euros brutos ao ano en 12 pagas, aínda que non ostenten delegacións, por desenvolver responsabilidades que así o requiran.

Calquer concelleiro poderá percibir adicacións das que correspondan ao goberno se éstas asigan por participar no goberno.

Quedan sen efecto os anteriores acordos plenarios de determinación de adicacións.

- ASIGNACIÓNS A CADA GRUPO POLÍTICO, ao abeiro do artigo 73 da Lei 7/85, as seguintes cantidades:

*Unha cantidade fixa de 200 euros mes.

*Unha cantidade mensual en función dos membros de cada grupo político, resultante de asignar a cantidade de 50 euros por concelleiro ao mes.

O Pleno comprométese a consignar nos seus orzamentos cantidade suficiente para atender as obrigas económicas derivadas do presente acordo.

Os efectos, entre outros, de cotización na seguridade social, que as adicacións exclusivas figuren como dedicación de 8 horas de luns a venres, e as dedicacións parciais figuren como adicación de media xornada, de 4 horas de luns a venres.

Sendo as 11,06 horas, polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión do que eu, Secretaria, dou fe.